

1.ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA O 3º TRIMESTRE

ETAPA	EDUCACIÓN INFANTIL	CURSO:	5º (Vanessa Táboas titora)
ÁREAS:	Programaremos de xeito globalizado atendendo ás 3 áreas: -Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal. -Coñecemento do contorno. -Linguaxes: comunicación e representación.	MESTRAS:	JENNIFER PIÑEIRO GONZÁLEZ (titora 3 anos) VANESSA TÁBOAS PAZO (titora 4 anos) NURIA FEIJÓO (titora de 5 anos e especialista inglés) DÉBORA GULÍN (especialista A.L.) ELENA (especialista música) VICTORIA FERNÁNDEZ (especialista inglés) Mº JOSÉ BARROS (especialista relixión) ANA RUTH (especialista relixión evanxélica)

GRUPO/AULA:

O grupo está formado por **25 nenos e nenas de 4 anos**. O número elevado de alumando fai que os seus intereses sexan moi variados, e o ritmo de aprendizaxe de cada neno/a diferente, tendo isto presente na programación e no día a día para atender de xeito individual a cada un/ha.

VÍAS DE COMUNICACIÓN:

A principal vía de comunicación coas familias é a aplicación **“Remind: comunicación escolar e familiar”**, onde se comparten notificacións de centro, de equipo de infantil ou de aula. E as familias tamén notifican o que precisan.

A web do [centro](#) e os blogues (de [aula](#), de [biblioteca](#)...) son espazos para compartir recursos, propostas de actividades... Ademais, semanalmente (antes os luns, agora os venres para que as familias poidan organizar mellor a semana) enviamos as tarefas da semana que están colgadas na web do centro.

No que respecta ao envío de evidencias das propostas semanais por parte das familias e a miña resposta ao traballo utilizamos: o remind, o **email** ou **drive** (neste caso tamén temos creado carpetas de Drive organizadas por semanas onde as familias van subindo o material e eu comentando as fotos, asesorando, axudando nas dúbidas...)

Para poder vernos cos peques, tanto eu coma titora, coma as especialistas, utilizamos ao principio a videochamada de whatsapp, e actualmente a ferramenta **Cisco Webex Meeting**.

A coordinación co Equipo de Infantil é a través do grupo de whatsapp do equipo, videochamadas con Cisco Webex Meeting, e unha carpeta de Drive onde temos todos os documentos e tarefas creadas dende o comezo do confinamento e ao que todas temos acceso para crear en liña.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.				
OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES	COMPETENCIAS BÁSICAS	TAREFA
Desenvolver as súas capacidades afectivas.	- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	-Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes emocións. <i>(bloque o corpo e a propia imaxe)</i>	C. emocional	Tarefas semanais organizadas partindo dos bloques "emocións".
Coñecer o seu propio corpo e o doutras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.	-Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	-Logra un esbozo da figura humana diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes. <i>(bloque o corpo e a propia imaxe)</i>	Competencia en autonomía e iniciativa persoal.	Tarefas semanais organizadas partindo dos bloques de contidos.
Coñecer o seu propio corpo e o doutras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.	- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	-Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...) <i>(bloque xogo e movemento).</i>	C. física e motriz	Vídeos de psychoenglish semanais.
Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.	- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	-Participa activamente nas actividades e tarefas. <i>(bloque a actividade cotiá).</i>	C. en autonomía e iniciativa persoal e c, para aprender a aprender.	Tódalas tarefas programadas.
Coñecer o seu propio corpo e o doutras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.	- Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	-Ten interese por probar novos alimentos. <i>(bloque o coidado persoal e a saúde).</i>	C. en autonomía e iniciativa persoal.	Tarefa semana do 30 de marzo.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO.				
OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES	COMPETENCIAS BÁSICAS	TAREFA
<p>Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e á escritura como medio de comunicación, información e gozo.</p>	<p>- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios.</p>	<p>-Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado. <i>(bloque medio físico: elementos, relacións e medidas)</i></p> <p>-Clasifica os obxectos atendendo a algún criterio. <i>(bloque medio físico: elementos, relacións e medidas)</i></p>	<p>C. matemática.</p>	<p>Tarefas semana do 14 ao 17 de abril.</p>
<p>Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.</p>	<p>- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conserva-la.</p>	<p>-Describe características físicas (partes, forma, cor...) e funcionais (alimentación, desprazamento...) de animais e plantas. <i>(bloque achegamento á natureza)</i></p> <p>-Adopta actitudes críticas ante prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do medio <i>(bloque achegamento á natureza)</i></p>	<p>C. no coñecemento e na interacción co mundo físico e c. para aprender a aprender.</p> <p>C. social e cidadá, C. no coñecemento e na interacción co mundo físico e c. para aprender a aprender.</p>	<p>Tarefa Elefantes (semana 27 de abril)</p> <p>Tarefa semana do 21 ao 24 de abril.</p> <p>Tarefa reciclaxe (semana 8 de xuño).</p>
<p>Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización.</p>	<p>-Nomea os membros da súa familia. <i>(bloque cultura e vida en sociedade)</i></p>	<p>C. no coñecemento e na interacción co mundo físico.</p>	<p>Tarefas semanais organizadas partindo dos bloques de contidos.</p>

ÁREA:	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN			
OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES	COMPETENCIAS BÁSICAS	TAREFA
Desenvolver habilidades de comunicación en diferentes linguaxes e formas de expresión.	- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	-É preciso nas súas explicacións. <i>(bloque linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar)</i> - Emprega sinais extralingüísticos (xesto, entoación, expresión) para reforzar o significado das súas mensaxes. <i>(bloque linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar)</i>	C. na comunicación lingüística.	Gravacións de audio e vídeo de diferentes tarefas: reto elefantes e arte, que pasaría se, gravacións libres para a radio...
Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e á escritura como medio de comunicación, información e gozo.	- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.	-Solicita que lle lean para obter información. <i>(bloque linguaxe verbal: aproximación á lingua escrita).</i>	C. na comunicación lingüística.	Tódalas tarefas programadas.
Desenvolver habilidades de comunicación en diferentes linguaxes e formas de expresión.	- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	-Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias... <i>(bloque linguaxe artística: plástica)</i>	C. cultural e artística.	Tarefa Arte (semana 11 de maio) Propostas en diferentes tarefas semanais.
Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.	- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e	-Participa na interpretación de cancións e xogos musicais. <i>(bloque linguaxe artística: musical)</i>	C. cultural e artística.	Tarefas semanais de música. Vídeos das mestras de propostas musicais.

	comunicativas.	-Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal. <i>(bloque linguaxe artística: corporal)</i>	C. física e motriz.	Vídeos de psychoenglish semanais.
Aproximarse, na medida do posible, ao uso das tecnoloxías da información e a comunicación.	- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	-Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC. <i>(bloque linguaxe audiovisual e TIC)</i>	Tratamiento de la información y competencia digital.	Propostas de aplicacións e visitas virtuais semanais.
Desenvolver habilidades de comunicación en diferentes linguaxes e formas de expresión.	- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	-Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida. <i>(lingua estranxeira)</i>	C. na comunicación lingüística.	Vídeos de psychoenglish semanais.
	- Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.	-Identifica a familia como as persoas que comparten as súas vidas e se queren. <i>(relixión católica)</i>	C. emocional.	Tarefas semais de relixión.

INSTRUMENTOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será global, continua e formativa, e os indicadores de avaliación seleccionados para este trimestre foron traballados e avaliados no 1º e/ou 2º, e neste continúan presentes a través de diferentes **actividades e propostas de repaso e reforzo**.

Para a avaliación do alumnado terase en conta o seu desenvolvemento e evolución dende o comezo de curso, e a **avaliación destes indicadores no 3º trimestre, nunca será máis baixa que a obtida nos anteriores, manterase sempre igual ou mellor, valorándose positivamente o traballo e as evidencias aportadas durante a duración do mesmo**.

Os instrumentos de avaliación serán a **escala de estimación** (sen dificultade, en proceso, con dificultade como recolle o XADE) e o **diario de aula**.

4. Metodoloxía

Na situación actual, resulta máis importante que nunca a **coordinación** entre o profesorado, e sobre todo coas familias.

Dende o inicio explícase as familias onde se ubicarán as tarefas semanais na web, ademais de compartila polo Remind, e aclárase a importancia de **respetar aos nenos e nenas, non agobiarse coas tarefas**, e que envíase unha variedade de tarefas pero que **non é preciso facer todas elas**.

Ademais, dende os diferentes equipos (convivencia, biblioteca, dinamización da lingua galega...) propóñense actividades relacionadas coas diferentes conmemoracións que tamén enviamos ás familias para que @s cativos formen parte delas.

Créase un Drive compartido coas familias, onde ademais de poder ver as fotos e vídeos dos cativos de diferentes momentos do curso, tanto de festividades coma de momentos de traballo, se crea unha **carpeta coa información da reunión de lectoescritura, debuxo e lóxica matemática** levada a cabo o curso pasado, para lembrar a importancia na continuidade do traballo cos cativos, sobre todo na lectoescritura deixando a eles escribir de acordo a súa etapa, e logo transcribindo de ser preciso, respectando a súa etapa evolutiva.

Coas familias mantense o contacto en grupo, pero tamén de xeito individual para resolver dúbidas, falar cos peques...

Cremos importante non perder o contacto cos nenos e nenas e **que nos poidan ver**, polo que decidimos cada unha das mestras que conforman o equipo docente de infantil, **elaborar vídeos con diferentes propostas: cancións, xogos, contos...** Cada semana enviamos un deses vídeos o luns e venres, e os mércores a auxiliar de conversa prepara diferentes propostas en inglés (cancións, xogos, cociña...).

Na planificación das tarefas temos presente que non todas as familias dispoñen dunha ampla gama de materiais coma no centro, polo que as propostas son deseñadas utilizando **materias que todos temos na casa (cubertería, xoguetes, cores, especias...)**, evitando o uso de témperas, plastilina,... materiais máis concretos, de xeito que todos e todas poidan facer as propostas. Algunhas propostas teñen soporte para imprimir, pero o feito de non ter impresora non supón non poder facer a actividade, xa que poden os adultos escribir o que pon na ficha nun folio, ou incluso facelo no paint ou nun editor de fotos no móbil (cando son de imaxes).

Nos seguintes enlaces atópanse a programación das actividades telemáticas e outras tarefas (equipo convivencia, biblioteca, EDLG...) programadas así coma a súa temporalización.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero1tui/node/772> (final do segundo trimestre)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero1tui/node/777> (terceiro trimestre)